

NOTA DE PRENSA

Os balnearios, a diferenza dos centros de talasoterapia e dos spas, posúen unha lexislación específica como centros sanitarios

Cada tipo de auga mineiromedicinal ten unhas propiedades exclusivas, con efectos terapéuticos particulares

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- Dentro das actividades da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, esta tarde celébrase unha nova xornada dirixida a futuros médicos expertos na cura termal. A sesión comezará ás 18:30 horas no edificio docente Roberto Novoa Santos da USC. A doutora **Dolores Fernández Marcos**, directora médico de Caldaria Termal -que aglutina os balnearios ourensáns de Arnoia, Lias (no concello de Cenlle) e Lobios-, explicará os diferentes tipos de augas que existen e os seus diversos usos, con especial atención aos efectos beneficiosos das augas mineiromedicinais sobre o organismo.

A doutora sinala que “as augas, segundo a súa orixe, poden aplicarse con fins curativos ou preventivos de certas doenzas, para conseguir o benestar, como unha alternativa de lecer e mesmo con propiedades estéticas”. Salienta que “a auga é boa para o organismo de maneira xeral, aínda que a potable non é terapéutica”. Así, quere poñer de manifesto “as diferenzas, non sempre ben coñecidas, que hai entre os balnearios, os centros de talasoterapia e os spas”. Indica que os spas empregan auga potable en piscinas, chorros... a unha determinada temperatura para conseguir un benestar, sen ningún fin terapéutico nin preventivo para a saúde.

Por outro lado, os centros de talasoterapia utilizan a auga do mar, tanto para lograr o benestar como para conseguir obxectivos terapéuticos. Non obstante, segundo resalta a doutora, “a auga mariña ten propiedades e aplicacións máis limitadas que as augas mineiromedicinais dos balnearios, xa que non se usa como auga de bebida”.

Cada tipo de auga medicinal posúe unha composición de minerais diferente

Os balnearios están sometidos a unha lexislación específica como centros sanitarios, da que carecen os talasos e os spas en España. “Usan auga mineiromedicinal, declarada de utilidade pública e con fins terapéuticos. Cada tipo de auga posúe unha composición de minerais diferente, que lle proporciona unhas propiedades exclusivas, cunha acción específica sobre o organismo” -explica a doutora-.

O que determina a especialización dun balneario para tratar determinadas doenzas é o tipo de auga que posúe. Así, uns balnearios están especializados no tratamento de procesos crónicos como as bronquites, as otites recidivantes ou as farinxites alérxicas. E outros céntranse en abordar procesos reumáticos como a artrite, a artrose, o postoperatorio dunha cirurxía do aparato locomotor, problemas de tipo neurolóxico, dixestivo, dermatolóxico, circulatorio...